

“A Comunicación xestual e as linguas de Signos”

FECHA: 13 de MAYO a las 17:30

LUGAR: Facultade de Filoloxía e Tradución

PONENTE: Maruxa Cabeza

LINGUA, LINGÜÍSTICA E LITERATURA

A comunicación xestual e as linguas de signos

María del Carmen Cabeza Pereiro

Profesora titular de universidade

Departamento de Tradución e Lingüística

Facultade de Filoloxía e Tradución

Esta charla trata sobre a xestualidade nas súas diferentes dimensións, empezando por unha introdución á linguaxe corporal e destacando a importancia dos xestos. Farase tamén unha introdución ás modalidades da comunicación humana: oral-auditiva (fálase coa boca e compréndese a través do oído) e xestual-visual (articúlase cos xestos e interprétase a través da vista). Isto conduciranos para rematar cunha presentación das linguas de signos, en particular as linguas de signos que utilizan as persoas xordas.

“Intelixencia Artificial de peto”

FECHA: 20 de MAYO a las 17:00

LUGAR: Edificio Miralles do Campus

PONENTE: Manuel Vílares Ferro

TECNOLOXÍA

Intelixencia artificial de peto

Manuel Vilares Ferro

Catedrático de universidade

Departamento de Informática

Escola Superior de Enxeñaría Informática

A miúdo asociamos os desenvolvementos en IA cunha complexidade só ao alcance de especialistas. Esas vistosas aplicacións, que emulan elegantemente o comportamento humano, semellan sempre obra de avezados especialistas que nos relegan ao papel de simples usuarios/as máis ou menos aventaxados/as. Pero isto quizais non sexa máis ca unha impresión. No caso da intelixencia natural uns sinxelos principios bastan para lanzarnos á aventura de sentirnos algo máis ca simples espectadores/as neste apaixonante teatro de futuro.

Despexaremos a dúbida construíndo de maneira interactiva e partindo de cero unha sinxela contorna de IA capaz de resolver problemas comunmente asociados ao concepto de «intelixencia». Ao alcance do noso teclado teremos a xestión de xogos, a resolución de ecuacións e enigmas, o cálculo simbólico ou a propia comprensión da linguaxe. Unha rápida e refrescante inmersión tecnolóxica.

“Física re-recreativa”

FECHA: 27 de MAYO a las 17:00

LUGAR: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

PONENTE: Benito Vázquez Dorrió

Física e química

Física re-recreativa

Benito Vázquez Dorrió

Catedrático de universidade

Departamento de Física Aplicada

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

O obxectivo desta charla é realizar un achegamento lúdico á física.

A física é un referente para comprender a ciencia e a tecnoloxía actual. Entre as estratexias empregadas para facer máis atractiva a súa aprendizaxe están as actividades manipulativas. Nestas, a comprensión de procesos naturais realízase a través da experimentación con materiais e obxectos cotiáns de baixo custo.